

CONCURSO
DE LISTAS DE AGARDA DE PROFESORADO SUBSTITUTO

CAUSAS DE EXCLUSIÓNS E FORMA DE SUBSANACIÓN

As causas xerais de exclusión pódense subsanar como se indica a continuación:

CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
04	Non acredita o pagamento das taxas en prazo, como esixe a convocatoria	Achegando copia do pagamento feito en prazo. De non ser así, o defecto é non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
D01	Non presenta documento acreditativo da identidade	Achegando copia do documento que corresponda.
D03	Documento de identidade caducado	Achegando copia <i>actualizada</i> do documento que corresponda.
M01	Non presenta o currículo empregando o modelo normalizado	Non subsanable, dado que consonte coa convocatoria calquera documento relacionado cos méritos non pode ser admitido fóra do prazo de presentación de solicitudes.
S04	Non presenta copia da solicitude xerada na fase de inscrición	Achegando copia da solicitude xerada no proceso de inscrición.
T01	Non acredita a titulación esixida	Achegando copia do título requirido ou xustificante do pagamento dos dereitos de expedición do título. Con carácter xeral a titulación é a que aparece no perfil da praza ou unha superior que permita o acceso á función pública ¹ . Non obstante, no caso de indicarse unha ou varias en concreto, deben ser esas
T02	Documento acreditativo do título incompleto	Achegando copia <i>completa</i> do documento que corresponda.
T04	Documento provisional acreditativo do título caducado	Achegando calquera outro documento adecuado.

¹ Disposición adicional 4ª do Real Decreto 889/2022 e artigo 76 e disposición transitoria 1ª do Real Decreto Lexislativo 5/2015



CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
X02	Non acredita a exención de taxas	Achegando a documentación que, en cada caso, corresponda . Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
X03	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por familia numerosa (título de familia numerosa caducado ou erróneo)	Achegando o título de familia numerosa correcto ou actualizado. Se non se pode acreditar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
X04	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por desemprego (falta certificado de 6 meses de antigüidade como demandante de emprego)	Achegando certificado no que se acredite que ten cando menos 6 meses de antigüidade como demandante de emprego na data de finalización da presentación de solicitudes. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
X05	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por desemprego (falta certificado de que non percibe prestacións na actualidade)	Achegando certificado no que se acredite que non se está a percibir prestación ou subsidio por desemprego. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
X06	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por discapacidade (falta certificado do grao)	Achegando certificado no que se acredite o grao de discapacidade. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
Y01	Falta tradución xurada dalgún dos documentos acreditativos dos requisitos de participación	Achegando os documentos que correspondan.
Y02	Non acredita coñecemento suficiente da lingua castelá ou galega	Achegando copia do documento que corresponda.
Y03	Documento acreditativo do coñecemento da lingua castelá ou galega incompleto	Achegando copia <i>completa</i> do documento que corresponda.

